

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 23-09-2022, ditou a resolución con número 2856/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Modificación da composición do tribunal cualificador do proceso de selección do alumnado-traballador/a do Obradoiro Dual de Emprego denominado "FORUM DUAL". Especialidade SSCS0208: ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIONS SOCIAIS.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2783/2022 do 20/09/2022 designouse o tribunal seleccionador previsto na Base 4ª da convocatoria do proceso de selección do alumnado-traballador/a do Obradoiro Dual de Emprego denominado "FORUM DUAL" na especialidade **SSCS0208: ATENCION SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIONS SOCIAIS. Así mesmo convocouse** as persoas incluídas no listado do servizo público de emprego de Galicia, así como, a tódolos membros do tribunal para a realización da fase de **oposición** establecida na Base 5ª.4 que se celebrará o **luns día 26/09/2022 ás 09:30 h no auditorio do Fórum de Carballo**

Na resolutivo primeiro da dita resolución, no que se refire á designación das vogais número 2, Dona Milagros **Antelo Camean e a súa suplente, María Dolores Serrano Bolón, ámbas** técnicas de orientación laboral deste concello de Carballo, detectouse un erro, polo que se procede á súa corrección no seguinte sentido:

Vogais:

- Titular: Dª. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración xeral do concello de Carballo.
- Suplente: Dª. **María Carmen Pereiro Felipez**, Técnica de normalización lingüística do concello de Carballo.

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar os membros da Comisión de Avaliación prevista na Base 4ª da convocatoria, que pasará a estar composta polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: D. **Miguel Piñeiro Souto**, Secretario do concello de Carballo.
- Suplente: D. **José Facal Fariña**, Xefe do servizo de proxectos e obras do concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1: D. **Juan José Lorenzo Pose**, Xefe da área de formación e emprego do concello de Carballo.
Suplente: Dª. **Rosa Sánchez Martínez**, Axente de desenvolvemento local do concello de Vimianzo.
- Titular 2: Dª. **Susana Mariño Lorenzo**, Técnica de administración xeral do concello de Carballo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000016
Exp. 2022/G003/002969

Suplente: D^a. **María Carmen Pereiro Felipez**, Técnica de normalización lingüística do concello de Carballo.

- Titular 3: D. **Ana Carmen Jiménez Mosquera**, Axente de desenvolvemento local do concello da Laracha.

Suplente: D^a. **María Pose Facal**, Técnica de orientación laboral do concello de Arteixo.

Secretario/a:

- Titular: D. **Vitor Recarei Añón**, Administrativo do Concello de Carballo.
- Suplente: D^a. **María Luz Fernández Sandá**, Administrativa do Concello de Carballo.

Segundo.- Nomear como asesora do Tribunal, que actuará con voz e sen voto, a **D^a. Milagros Antelo Camean**, Técnica de orientación laboral do concello de Carballo.

Terceiro.- Publicar dita resolución no Taboleiro do Concello de Carballo, na páxina Web do concello e así como no Taboleiro da Oficina de Emprego de Carballo e no 2º andar do Edificio Forum Carballo.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto